



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO DÍA 23 DE NOVEMBRO DE 2015

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas e catro minutos do día vinte e tres de novembro de dous mil quince, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese en sesión extraordinaria, en primeira convocatoria, a Corporación municipal en Pleno.

Asisten os señores concelleiros don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe, do PP; don Juan González Leirós, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández, de UxC; dona Leonor Fernández Grande, don Jesús Bao Bouzas e dona M^a Jesús Gómez González, do PSdeG-PSOE; dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos, de ACdC-SON; don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández, do BNG; e integrando o Grupo Mixto, dona M^a José García Hidalgo, de C's.

Non asisten, con escusa, dona Elisa Pestonit Barreiros, de UxC, e don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, do PSdeG-PSOE.

Asisten don Francisco Javier Ulloa Arias, interventor, e dona M^a Luisa de la Red Ampudia, secretaria xeral da Corporación.

Aberto o acto pola presidencia, examinouse o asunto incluído na orde do día da convocatoria.

Proposta presentada pola cuarta parte do número legal de membros da Corporación, para a reprobação, se procede, dos concelleiros don Augusto Rey Moreno e don Jesús Bao Bouzas en relación co expediente de contrato menor núm. 2015/C002/000015

Vista a solicitude de convocatoria dun pleno extraordinario, rexistrada de entrada ao núm. 0/10279 o día 13 de novembro de 2015, formulada polos concelleiros dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos, do grupo municipal de ACdC-SON; don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández, do grupo municipal do BNG; dona M^a José García Hidalgo, do Grupo Mixto (C's); e don Manuel M^a Mora Pita da Veiga, do grupo municipal do PP.

Visto o disposto no artigo 94.1 do Regulamento orgánico municipal, segundo o cal: *“As sesións extraordinarias convócanse polo alcalde con tal carácter a iniciativa propia ou **por pedimento da cuarta parte**, cando menos, do número legal dos membros da Corporación, sen que ningún concelleiro poida solicitar máis de tres anualmente. Tal solicitude deberase facer por escrito no que se razoe o asunto ou asuntos que a motiven, asinado persoalmente por todos os concelleiros que a subscriben e acompañado de todos os documentos que sirvan de antecedentes para poder adoptar a proposta ou propostas de decisións que se formulen, e que deberán estar ao dispor dos concelleiros desde o momento da convocatoria. (...)”*

Tendo en conta que o artigo 94.2 do ROM establece que: *“A convocatoria da sesión extraordinaria a instancia dos membros da Corporación deberase efectuar dentro dos catro días hábiles seguintes ao pedimento, salvo cando se deba emendar algún defecto na solicitude ou falta de documentación, que se contará dende o requirimento para a emenda, e a realización non poderá demorarse por máis de quince días hábiles desde que o escrito tivese entrada no Rexistro xeral, non podendo incorporarse o asunto á orde do día dun pleno ordinario ou doutro extraordinario con máis asuntos se non o autorizan expresamente os solicitantes da convocatoria”.*

Solicita a palabra don Jesús Bao Bouzas, concelleiro do PSdeG-PSOE, quen manifesta que quere formularlle unha cuestión de orde á Sra. secretaria e pedir o seu pronunciamento respecto de se o contido que tratan neste pleno extraordinario podían telo tratado, por acordo expreso dos promotores e solicitantes deste pleno, no pleno

inmediatamente anterior que teñen celebrado ou, consecuentemente, no pleno ordinario do vindeiro mércores. Gustaríalle coñecer se podería ter sido así.

En segundo lugar preguntar á Sra. secretaria se poden reprobar a unha persoa que non forma parte xa, nin do Goberno municipal, nin do grupo municipal socialista, nin da Corporación municipal.

A secretaria da Corporación explica que en canto á convocatoria deste pleno para este asunto, o esixe o artigo 94 do Regulamento orgánico municipal, que será nun pleno con este único asunto dentro da orde do día. E en canto á reprobación de alguén que neste momento non está, a solicitude foi formulada en prazo, e a convocatoria tamén.

Don Jesús Bao Bouzas dálle as grazas á Sra. secretaria e di que precisamente respecto dese artigo 94.2 ao que ela fixo moi ben referencia, llelle, se lle permite, o final, onde di: "non podendo incorporarse o asunto á orde do día dun pleno ordinario ou doutro extraordinario con máis asuntos se non o autorizan expresamente os solicitantes da convocatoria". Entende el que se o autorizasen expresamente si podería terse celebrado. Di que esa era a súa pregunta.

O Sr. alcalde pregunta quen vai presentar esta proposta.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro do BNG, manifesta que o fai el, non lles deu tempo a falar con M^a José, e agarda que non lle pareza mal, xa que ela é unha das persoas asinantes.

Di que a proposta, unha proposta que é plural, que recolle o parecer do grupo de Ciudadanos, do grupo de ACdC-SON, do PP de Cambre e do BNG, a súa fundamentación, comezando polo final, e aínda que poida parecer un contrasentido, vén motivada por actitudes e comportamentos, como o que acaban de ver, intentar acudir á última táboa de salvación para intentar evitar responder diante do pleno municipal e diante da opinión pública de Cambre, ante uns feitos como os que a continuación, loxicamente de maneira sucinta, vai relatar.

Respondendo á pregunta, ou á formulación retórica que facía o Sr. Bao, dicir que si, que por suposto, que este é un asunto que se podía tratar nun pleno ordinario da Corporación municipal, pero os impulsores deste pleno extraordinario fixérono por varios motivos. O primeiro, e queren que quede total e absolutamente claro diante de todos os veciños de Cambre, porque a celebración deste pleno non lle vai supoñer nin un euro ao erario público que é de todos e de todas, porque hoxe estarían aquí simplemente para celebrar o sorteo das mesas electorais ao que acaban de proceder no pleno anterior, e simplemente por iso percibirían a retribución, a indemnización, a axuda de custo, a asistencia que reciben os membros da Corporación que non teñen salario, nomeadamente os membros da oposición, exactamente a mesma contía que por ter estes dous plenos.

Polo tanto, di que non hai, en contra de cousas que se din por aí, ningún tipo de motivación económica. Si a hai política, loxicamente, porque eles cren que nos plenos ordinarios do Concello de Cambre débense tratar cuestións ordinarias que afectan ao concello, e hai multitude de temas a tratar, que lles gusta tratar e que tratan de maneira máis que gustosa, temas que teñen que ver co urbanismo, que teñen que ver coa mancomunidade, que teñen que ver con prazas de aparcamento, que teñen que ver con programas que se presentan diante da Deputación.

Pero eles pensan que o que os convoca hoxe aquí, a razón última desta convocatoria, é unha causa excepcional, como é, de maneira sintética, un proceder que en ningún momento, e tamén queren que quede claro, en ningún momento ningún membro desta Corporación cualificou como ilegal, porque se tiveran algo que lles suscitara unha dúbida en canto ao seu principio de legalidade, moi posiblemente non acudirían ao pleno municipal, ou antes de acudir ao pleno municipal acudirían á Fiscalía.

O que motiva e o que fundamenta, ao seu modo de ver, esta petición, que é un dereito que lles asiste, democrático, regulado no ROM, de pedir este pleno extraordinario, é poder debater sen ningún tipo de xustillo nin limitacións dentro das normas establecidas, sobre o que consideran é unha práctica governativa, unha práctica por parte de determinada área deste Goberno municipal, ou do que foi durante estes cinco meses este Goberno municipal, ao seu modo de ver carente do máis mínimo principio de ética, de transparencia, de igualdade de oportunidades, e de funcionamento democrático, como é que para a realización dun programa municipal de prevención da violencia de xénero en centros de ensino, se realice un convite, se realice un concurso que vén ademais baremado e resolto na súa valoración por persoal técnico municipal, e se lle asigne á empresa peor valorada. A peor valorada tecnicamente e a peor valorada economicamente, porque presenta, ademais, o orzamento máis caro para os veciños e veciñas de Cambre, para o concello.

E como entenden que esas non son formas de funcionar unha administración á altura do século XXI, ano 2015, solicitan un pleno extraordinario para que se poidan explicar sen ningún tipo de trabas. Hai quen optou pola saída máis rápida, presentar a súa dimisión e non acudir hoxe a este pleno, e hai quen como o Sr. Bao intenta facer piruetas legais para evitar dar cumprida resposta diante deste organismo que representa á práctica totalidade dos veciños de Cambre, froito do seu sentir democrático nas pasadas eleccións do mes de maio.

E di que é por iso que organizacións tan dispares como o PP, ACdC, Ciudadanos e BNG chegaron a un acordo de mínimos para pedir este pleno.

Remata dicindo que a razón deste pleno é basicamente a que acaba de argumentar, e a súa importancia expresa ben ás claras a presenza hoxe aquí, masiva, de veciños e veciñas de Cambre que enchen este salón de plenos.

Concedida a palabra a don Manuel Rivas Caridad, voceiro do PP, manifesta que hoxe este pleno trae aquí, como dicía o Sr. Carballada, compañeiro desta Corporación, a forzas tan dispares no seu pensamento como poden ser o BNG, Ciudadanos, ACdC ou o PP. Pero que traen aquí a reprobación do voceiro do grupo socialista, e dun concelleiro, nos cales o Sr. alcalde depositou a confianza, confianza que loxicamente agora di que perdeu, e perdeu precisamente por esas actuacións.

Pero dille que el cre que esa confianza debía tela perdido antes, e ter tomado unha decisión respecto dese grupo político co que pactou, porque incluso en xunta de goberno se lle deu para adiante a esa proposición. E di isto porque non é soamente o que hoxe lles trae aquí, ese expediente de programa contra a violencia de xénero, senón que hai outros moitos expedientes dos cales o Sr. alcalde, como bo alcalde, debería ter coñecemento.

El cre que se non tiveran promovido por iniciativa dos grupos da oposición este pleno, este pleno non se tería realizado, e cre que lle corresponde ao Sr. alcalde, e sigue reiterando iso, ter tomado unha decisión antes de agora, e non estar mareando a perdiz, como se adoita dicir, mareando a perdiz e mareando aos veciños de Cambre con estes asuntos que dende hai un mes teñen enriba da mesa.

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López, voceira de ACdC-SON, manifesta que tamén en deferencia á xente que hoxe os acompaña quería facer unha breve mención do tipo de contrato que hoxe se cuestiona. Neste caso están falando, e quería facer por ese motivo unha breve mención, do que significa un contrato menor, que é o asunto que hoxe teñen enriba da mesa.

Di que os contratos menores en si, todos saben que teñen mala fama, e normalmente esa mala fama vén debida a algo, é por algo, e é por situacións que por desgraza son parecidas, ou similares, ou iguais, á que hoxe se lles expón neste salón de plenos.

Ela persoalmente agarda que os contratos menores acaben desaparecendo neste tipo de adxudicación concreta, Van pasar á historia como un dos mecanismos que existen, e que se poden usar legalmente, por iso falaba o compañeiro Carballada de que efectivamente non están falando de ningún tipo de ilegalidade, pero son contratos

que se poden usar para adxudicar contratos a empresarios ou empresas, e non está dicindo que sexa este o caso, é dicir, esa é a casuística dos contratos menores, cos que se pode chegar a concertar o que está tan en boca de todos, que son as famosas comisións ou mordidas, e que rodearon a este tipo de contrato sempre ou en moitísimos casos.

Esa especie de vergoña allea que rodeou aos contratos menores solucionouse cunha especie de reparo cosmético para aqueles contratos menores que sen chegar aos 18.000 euros superaron os 5.000, que é a invitación a tres empresas, entre comiñas, porque esas tres empresas son as que decide o propio responsable, neste caso o Sr. Bao, o propio concelleiro, para que participen no proceso e fagan unha oferta.

Falaba de reparo cosmético porque se nun momento determinado alguén pregunta que pasa con ese contrato, pódese dicir que había tres empresas invitadas e que se decidiu con base a criterios que neste caso nin se saben, nin se din, nin se explican, nin se xustifican, e que poderían definir, máis ou menos, que ao final adxudicas a quen che sae da boina e non tes por que dar explicacións.

Entón, ese tipo de contrato que é unha especie de híbrido de contrato menor con tres ofertas, en realidade o que é, é un adxudicación directa e a dedo, dun concelleiro que ten competencias de área e que fai que pareza un procedemento de concorrencia de ofertas porque existen tres invitados que propoñen ofertas.

Ela dá por feito que a mente pensante que ideou ese sistema de contrato menor con invitación tiña moi boa vontade, pero quen o utiliza sen xustificar a súa decisión e sendo unha decisión totalmente contraria aos criterios técnicos que se poñen enriba da mesa, entende que a boa intención non é tanta. Quen adxudica este tipo de contratos, neste caso falan do Sr. Bao e do Sr. Rey, evidentemente ten unha potestade máxima para decidir quen gaña.

Entón, para resumir o tema dos contratos menores, poden dicir que esta fórmula consiste en que a empresa vai participar se a invitan, pero faga o que faga, presente o que presente, e propoña o que propoña, ao final vai ser o concelleiro, con base nos seus criterios, e neste caso sen xustificalos, quen decida quen vai gañar delas tres. Claro, xa lle dirá o Sr. Bao a iso como se lle chama, nese mundo imaxinario no que actualmente vive e no que pretende metelos a eles.

Todo este asunto non o estarían tratando deste xeito, tamén como adiantaba o Sr. Carballada, e non buscarían a reprobación do Sr. Bao en directo, e a do Sr. Rey en diferido, se escollera a oferta que elixiron os técnicos con base en criterios de valoración perfectamente especificados. Pero non, o Sr. Bao escolleu a empresa máis cara, a de menor experiencia, a de menor calidade na proposta, a peor puntuada na metodoloxía de traballo a empregar. Unicamente existe de todos os criterios que se bareman unha puntuación de todas que supera á das outras ofertas, que é o criterio de innovación. Que o criterio de innovación o técnico o resume nunha frase: presenta actividades innovadoras, combinada coa utilización de novas tecnoloxías e coa interacción do alumnado.

Pero di que nos outros criterios atópanse frases como que esa empresa non presenta deseños para a campaña, non ten un lema concreto para a campaña, os obradoiros pouco estruturados, proposta tecnicamente moi mal estruturada. Esas son outras das características que se valoran nesa empresa. Entón, claro, chegados a este punto, co tipo de contrato que é, co tipo de elección que se fai, e sen explicación, sen motivación de por que motivo se desoan todas esas indicacións técnicas e se escolle á empresa menor puntuada en case todos, menos nun aspecto, claro a ACdC si lle gustaría saber, e dá por feito de que seguramente aos veciños tamén, cal é o criterio que finalmente levou a tomar unha decisión contraria ao informe.

Non sabe se o Sr. Bao terá a ben facilitarlles esa información, ultimamente anda un pouco calado e non lles dá moitas explicacións.

Tamén lle gustaría deixar claro e facer mención ao enorme traballo que neste caso e en todos os casos destas características teñen que desenvolver os técnicos, que finalmente para que se escolla unha empresa en contra a eses criterios, teñen que pasar un traballo exhaustivo e de estudo pormenorizado das tres ofertas que se presentan, aplicar os criterios de valoración seguindo moitísimos baremos, para finalmente conseguir acadar tres puntuacións e que todas esas horas de traballo finalmente caian en que se decida que a que gaña é a empresa que ten menos puntos. E por riba non o motivan, e o Sr. Rey tampouco o motiva, e finalmente, claro, contrátase á quen queren.

Intervén o Sr. alcalde para pedir á Sra. concelleira que vaia rematando.

Dona M^a Olga Santos López indica que está rematando. Di que non só iso, que é o que dicían antes, ademais o Sr. Rey dimite, sabendo que se ía celebrar este pleno, e faltando tanto ao respecto aos veciños de Cambre como a calquera deles, a calquera dos concelleiros que están aquí sentados, que non chega a acadar a saber cal pode ser esa explicación.

En principio agarda que non lle diga, e agora si que xa remata, que este era o procedemento que se tiña que utilizar, porque no caso dos contratos menores teñen unha famosa caixa de ferramentas dentro das cales tamén teñen o procedemento aberto simplificado, é dicir, que existen posibilidades de querelo facer en condicións, e de forma transparente e de forma limpa poderíase ter feito.

Concedida a palabra a dona M^a José García Hidalgo, voceira do GM (C's), manifesta que aquí se pediu un informe técnico que non era necesario, que ao final non se tivo en conta, e decidiuse segundo o criterio de dúas persoas, o Sr. Bao e o Sr. Rey.

O menos que se podía agardar, se piden ese informe, é que polo menos se axustaran a el, xa que utilizaron o tempo e o esforzo dun funcionario para nada. Van dicir soamente que teñen sido pouco rigorosos en como se ten tratado esa contratación, pero di que iso lles preocupa, e moito. Preocúpalles que teña pasado con outros contratos anteriores, polo que isto non se pode permitir.

Ela agradece ao BNG, de verdade, e a todos os partidos que teñan iniciado isto, porque aínda sabendo que eses informes non son vinculantes, é unha cuestión moral, de ética, de telo en conta. Pregunta que confianza lles dan contratos anteriores, e que os deixan tremendo con todo isto.

Conclúe dicindo que non o poden permitir. Agardan que o Sr. Bao lles dea unha explicación que polo menos poida dar un pouco de honradez a todo isto, porque cre que todos a merecen por como estes concelleiros teñen intentado deixar ao Concello de Cambre nunha moi mala posición.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez manifesta que, en primeiro lugar, e con relación a este tema, xa falando propiamente como BNG, deixar claro que consideran necesario, e afondando un pouco na liña do que falou a compañeira Olga Santos, deixar claro unha serie de cuestións por así dicilo técnicas, porque aquí fala gratuitamente determinada parte interesada dicindo que iso se podía facer así, se podía facer doutra maneira,...., si, ben, vale, volven ao de sempre. Eles non cuestionan a legalidade do feito xuridicamente, si que cuestionan dende un punto de vista ético, moral, de transparencia e hixiene democrática ese proceder, que é total e absolutamente incompatible co que debe ser un concello á altura do ano 2015.

Eles queren por un lado dicir que había maneiras, se efectivamente fora certa parte da argumentación pública que se leva dicindo estes días, relativa á que a valoración era inexacta, a que o traballo realizado por profesionais desta casa, deste concello, estaba mal feito. Era tan sinxelo como se non estaban de acordo cos criterios de valoración que motivan a convocatoria, podía terse anulado o proceso, ou podía encargarse outro informe que sustentara o proceso a un funcionario superior. Non se fixo.

Pregunta como se di publicamente que se está en contra da valoración do técnico, que se está en contra da propia baremación do concurso, do convite ás empresas, cando o propio concelleiro de Benestar nese momento, hoxe felizmente destituído, o Sr. Bao, asina as bases con data 13 de xullo de 2015.

Dille ao Sr. Bao que el e as sinaturas teñen un problema moi grande, porque montan cada balbordo que é que non se aclaran. Dille que pense con el, que se asina isto o día 13 de xullo de 2015 e lle dá adiante ao proceso, coas bases do concurso, da invitación ás empresas, pregúntalle como agora lles di que as bases están mal feitas. Debería el mesmo pedir a súa propia dimisión, porque é que é do xénero parvo, total e absolutamente o razoamento político que están intentando que utilicen.

Pero a maiores, incluso a posteriori, hai outro momento. Se realmente o traballo está mal feito, á hora de dicir que escollen esa empresa, que non é a que gaña o concurso, debían xustificalo, porque hai un apartado nas propias bases, no propio procedemento, para dicir que por isto, por isto e por isto consideran tal cousa. Pero non, nin se tomaron a molestia de facelo, de cumprir ese trámite. É dicir, garda todo isto certa relación tamén con outros papeis por aí moi mal feitos e moi mal sustentados tecnicamente.

De verdade, a el esa cadeira baleira lémbrale que nas Cortes franquistas había sempre un escano baleiro, que era o de José Antonio, chamábanlle o ausente, e Augusto Rey decidiu hoxe ser el o ausente. Hai corenta anos que morría Franco e se algo se demostrou é que o franquismo sen Franco era imposible de manter, entón os propios franquistas idearon un sistema onde realizar unha serie de cambios que puidera dalgunha maneira permitir perpetuar os seus privilexios.

Intervén o Sr. alcalde para pedir ao concelleiro que vaia rematando.

Don Daniel Carballada Rodríguez dilles que eles, e díllelo como crítica política, tentaron na súa nova estadía no Goberno municipal o “tonechismo” sen Tonecho, pero afortunadamente os tempos son outros, a oposición é loxicamente outra, e dille ao Sr. alcalde que agardan que a máxima responsabilidade municipal, loxicamente, sexa outra.

Felizmente a ollos do BNG, chegaron a este pleno, que poñer en dúbida a estas alturas a súa idoneidade é que lle parece pouco menos que surrealista, cre que poucos plenos tan fundamentados e tan necesarios en Cambre houbo ultimamente como este, chegaron a este pleno, remata xa, con esta xente destituída do equipo municipal, porque o actual grupo socialista é total e absolutamente incompatible cun mínimo de ética e cun mínimo de transparencia á hora de gobernar un concello.

Ábrese agora unha nova páxina, o Sr. alcalde ten unha responsabilidade moi grande, dende logo no que aconteceu, pero sobre todo no que vai acontecer de agora en diante, e a esa responsabilidade, a ese sentido da responsabilidade apelan para poder chegar aos acordos necesarios para contribuír a que Cambre teña unha gobernabilidade digna, e non un sistema de latrocinio e saqueo sistemático das arcas públicas, como era o que estaba poñendo en marcha o PSOE na Área de Benestar Social.

O Sr. alcalde pide ao voceiro do BNG que remate xa.

Don Daniel Carballada Rodríguez manifesta que fan un chamamento, e remata xa, ao propio PSOE como organización, a que poña algo de man, algo de tino e de sentido común neste desaguisado.

Conclúe dicíndolle ao Sr. alcalde que non puido chegar ao comezo do anterior pleno, non sabe se hai algunha razón xustificada para explicar a ausencia hoxe dalgún dos membros do grupo socialista na Corporación, en tal caso case que dende o Bloque saúdan esa ausencia, cren que é moi hixiénica e democrática antes de verse en segundo que tesituras, e o animan a el como alcalde e ao conxunto da Corporación a, tendo todas as discrepancias políticas posibles, que as teñen e máis, e moitas veces non se poden nin ver, a compartir uns

mínimos éticos, democráticos, de transparencia, que lles permitan facer aquí, dentro do concello, política como é debido, e poder saír á rúa coa cabeza ben alta como concelleiros dun municipio como Cambre, que non se merece xente como esta.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicir que o Sr. Carballada ten razón. El ao principio do pleno tiña que desculpar a dúas persoas, Elisa, que está de vacacións e non está agora en Cambre, e a Juan Evaristo que hoxe na xunta de goberno que tiveron pola mañá a primeira hora, díxolle que tiña unhas probas médicas e tiña que asistir a elas e non podía asistir a este pleno.

Concedida a palabra a don Jesús Bao Bouzas manifesta que se convoca este pleno para maior gloria dos promotores deste pleno, e maior escarnio, e cunha clara intencionalidade mediática, talvez para ocultar feitos de maior transcendencia como a recente sentenza sobre a RPT de Cambre por parte do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

O 9 de novembro o BNG solicita con número de rexistro de entrada 0/10126 toda a documentación sobre o asunto que motiva este pleno e propón a convocatoria dun pleno extraordinario. Ao día seguinte, Ciudadanos e ACdC adhírense con cadanseu escrito, con número de entrada 0/10141 e 0/10155, respectivamente. Cando se adhire o Sr. Mora non o saben.

Propoñen a celebración dun pleno extraordinario antes de coñecer en profundidade a documentación que o motiva. Respecto do que lles ocupa, que é a campaña de prevención, sensibilización e concienciación sobre a violencia de xénero na sociedade 2015, a campaña como ben saben transcorre entre o 1 de outubro e o 25 de novembro.

Respecto do informe técnico de necesidade, asinado pola coordinadora de servizos sociais con data 8 de xullo, manifesta que a campaña vén desenvolvéndose ininterrompidamente dende hai oito anos, é dicir, non coñece nin a vixencia da campaña, por canto se inicia no ano 2009, e que os centros educativos demandan a súa continuidade.

Repítese sistematicamente o mesmo lema: "Sen violencia de xénero, máis felices". En 2012 determínase que había que afondar na mellora das relacións interpersonais, na coeducación e na percepción errónea que amosa o alumnado sobre a muller. A pesar diso, persístese nos mesmos erros nas campañas de 2013 e 2014 adxudicadas á mesma empresa.

Para a actual campaña de 2015, proponse nas bases afondar a través de talleres de bo trato, a adquisición de habilidades emocionais, as relacións entre iguais e de parella, fomento da corresponsabilidade e identificación de comportamentos machistas.

En canto aos criterios de valoración, dicir que a oferta económica puntúa ata 40 puntos, 40 sobre 100, menos da metade. A máis baixa 40 puntos, a segunda 35, e a terceira 30, claro e obxectivo. A experiencia puntúa ata 15 puntos. Participación, elaboración e execución de campañas de marketing social relacionado con prevención de violencia de xénero, como máximo 7 puntos, o resto proporcionalmente. Pregunta en que proporción e di que máis adiante o verán, como tamén verán se a experiencia ten que ser un criterio valorable.

Respecto da coeducación, participación, elaboración e execución de actividades de coeducación en centros de ensinanza, máximo 8 puntos, as demais proporcionalmente. Verán a subxectividade desa proporcionalidade. Respecto da innovación, actividades innovadoras e utilización de novas tecnoloxías, 10 puntos, e as demais proporcionalmente, aínda que aquí si se incorpora un criterio para esa proporcionalidade, criterio que non se fixa en cuestións anteriores, sempre que as actividades respondan ao obxecto do contrato.

E respecto da calidade da proposta, ata 35 puntos. Oito, doce, nove e seis os criterios mellor valorados, e o resto proporcionalmente. Outros 35 puntos de golpe nada menos que a criterios puramente subxectivos.

En canto á resolución, con data 18 de setembro comunícase ás tres empresas invitadas a proposta de resolución do concelleiro delegado de Benestar Social e Educación, atendendo aos artigos 111 e 138.3 do Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, que establecen, primeiro, que están ante un contrato menor, como teñen dito aquí os que o precederon na palabra. Neste caso cun importe máximo de 7.500 euros, IVE incluído, e que, polo tanto, podería adjudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e coa habilitación profesional necesaria para a realización da prestación, a calquera, e que a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto e a incorporación da factura correspondente.

Así mesmo, a resolución de adjudicación do contrato determina como responsable do contrato á coordinadora do departamento de servizos sociais, a quen corresponde supervisar a súa execución, adoptar decisións e ditar as instrucións necesarias. Cabería lembrar a estas alturas que o informe proposta elaborado e asinado polo técnico competente, conta co visto e praxe, non da coordinadora do departamento, nin da súa substituta, senón da substituta da substituta. Nese contexto teñen traballado.

Noutra orde de cousas, cabería lembrar que por resolución da secretaria xeral, comunícase aos licitadores que o prazo para presentar recurso de reposición é dun mes. Non lle consta ao grupo municipal socialista que se teña presentando ningún recurso. E de dous meses para a presentación dun recurso contencioso-administrativo, que tampouco lles consta. Como tampouco lles consta a presentación de calquera outro recurso a día de hoxe.

Respecto do procedemento de contratación cabería facer as seguintes puntualizacións, se lle permite o Sr. alcalde, en canto á vixencia e eficacia legal das diferentes resolucións ditadas polo anterior alcalde e polo anterior concelleiro delegado de Réxime Interior, Patrimonio e Contratación, sobre os procedementos de tramitación e resolución de contratos menores, instados polo Goberno local actual.

As resolucións ditadas polo alcalde e polo concelleiro delegado de Réxime Interior, Patrimonio e Contratación durante a pasada lexislatura, en exercicio das competencias que lles foron outorgadas como órganos de contratación, non vinculan ao Goberno actual en contratos, en concreto ao concelleiro delegado da Área de Economía e Facenda, Obras e Servizos, en quen o actual alcalde delegou a contratación legal na modalidade, entre outras, de contratos menores.

En relación co procedemento a aplicar, a partir da toma de posesión do actual equipo de goberno, na tramitación e resolución de contratos menores hai que estar ao disposto e resultan de aplicación os artigos 111 e 138.3, como ten fundamentado a secretaria no seu momento, do Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da lei de contratos do sector público.

Se lle permite o Sr. alcalde, di que o artigo 111 *Expediente de contratación de contratos menores*, di así: “1. *Nos contratos menores definidos no artigo 138.3 (como dixo anteriormente), a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto e a incorporación a este da factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento desta lei establezan. (...)*”

E respecto do artigo 138 *Procedemento de adjudicación*: “(...) 3. *Os contratos menores poderán ser adjudicados directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, en cumprimento das normas establecidas no artigo 111.*

Considéranse contratos menores os contratos de importe inferior a 50.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 18.000 euros, cando se trate doutros contratos, sen prexuízo do disposto no artigo 206 en relación coas obras, servizos e subministracións centralizados no ámbito estatal. (...)”



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Continúa dicindo que se lle permite o Sr. alcalde intentará aclarar o carácter vinculante ou non vinculante dos informes técnicos emitidos por funcionarios municipais valorativos de ofertas presentadas en licitacións levadas a cabo polo procedemento de contrato menor. Este o é, como teñen dito cre que todos.

Partindo de que a tramitación do expediente de contratación en contratos menores só esixe a aprobación do gasto e a incorporación da factura correspondente, os informes técnicos emitidos nos ditos expedientes non teñen carácter de vinculantes para o órgano de contratación, neste caso para o concelleiro delegado responsable de Contratación, sen prexuízo, ben é certo, de que se o órgano de contratación, o anterior alcalde ou o anterior concelleiro delegado de Contratación, considerou conveniente aprobar uns criterios concretos para a valoración de ofertas, invitando a participar a máis dunha empresa capacitada para a realización do contrato, debe estarse por analogía ao establecido no artigo 151.4 do Real decreto legislativo 3/2011 respecto da motivación da adxudicación nas licitacións, así como ao principio de tratamento igualitario e non discriminatorio recollido no artigo 139 do mesmo texto normativo.

O artigo 151.4 di que: "4. A adxudicación deberá ser motivada (é verdade que falaban de motivación desa adxudicación) *notificaráselles aos candidatos ou licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante.*

A notificación deberá conter, en todo caso, a información necesaria que permita ao licitador excluído ou candidato descartado interpor, conforme o artigo 40, recurso suficientemente fundado contra a decisión de adxudicación.

En particular expresará os seguintes aspectos:

- a) En relación cos candidatos descartados, a exposición resumida das razóns polas que se desestimou a súa candidatura.*
- b) Con respecto aos licitadores excluídos do procedemento de adxudicación, tamén en forma resumida, as razóns polas cales non se admitiu a súa oferta.*
- c) En todo caso, o nome do adxudicatario, as características e vantaxes da proposición do adxudicatario determinantes de que fose seleccionada a oferta deste con preferencia ás que presentasen os restantes licitadores cuxas ofertas fosen admitidas. (Todos teñen que saber cal foi o criterio de resolución, as tres.)*

Será de aplicación á motivación da adxudicación a excepción de confidencialidade contida no artigo 153.

En todo caso, na notificación e no perfil de contratante indicarse o prazo en que se debe proceder á súa formalización conforme o artigo 156.3.

A notificación farase por calquera dos medios que permiten deixar constancia da súa recepción polo destinatario. En particular, poderase efectuar por correo electrónico ao enderezo que os licitadores ou candidatos designasen ao presentaren as súas proposicións, nos termos establecidos no artigo 28 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos. Non obstante, o prazo para considerar rexeitada a notificación, cos efectos previstos no artigo 59.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, será de cinco días."

Non obstante o anterior, di que nin sequera se achega o informe técnico ás notificacións remitidas dende o departamento de servizos sociais aos licitadores, só se achega a resolución.

Na notificación ten que remitirse por parte dos técnicos a resolución e a valoración técnica que a motiva. Non se mandou.

O artigo 139 recolle os *Principios de igualdade e transparencia*: "Os órganos de contratación darán aos licitadores e candidatos un tratamento igualitario e non discriminatorio e axustarán a súa actuación ao principio de transparencia."

Di que están aquí tamén para facer autocrítica, por suposto, claro que si. O único fallo, talvez puido ter sido non ter motivado suficientemente a resolución de adxudicación do contrato a Atalaya Social, os motivos da adxudicación segundo se establece nos termos recollidos no artigo 151.4 c), así como as puntuacións obtidas polos outros dous ofertantes. Pero entenden que iso debería ser informado e redactado polo funcionario responsable desa contratación, non polo político. Os funcionarios coñecían a súa motivación e argumentación

discrepante respecto do informe-proposta, non un informe vinculante, nin un informe de reparos, un informe-proposta.

Respecto do que consideran erros na redacción dos criterios e bases para a selección de ofertas e posterior adxudicación, se lle permite o Sr. alcalde, di que ten que significar primeiro que non se debía ter recollido como criterio a valorar, como se fixo, o de experiencia das empresas invitadas, segundo o artigo 138.3 do Real decreto legislativo 3/2011, que di: "(...) 3. Os contratos menores poderán ser adxudicados directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, en cumprimento das normas establecidas no artigo 111. (...)".

Ten que dicir que coa constancia previa ao técnico da capacidade de obrar e habilitación profesional necesaria das empresas invitadas, a experiencia non se lle esixe, se lle presume.

E dous, o prezo, como criterio a valorar, debería terse puntuado nos criterios de valoración con máis de 50 puntos, máis da metade, e se non fora así e a valoración se realizara maioritariamente sobre criterios máis subxectivos e non cuantificables, habería que ter constituído un comité de polo menos tres técnicos alleos aos que redactaron as bases do contrato, para valorar as ofertas, segundo o que dispón o artigo 151.2 do Real decreto 3/2011. Neste procedemento o prezo puntúa 40 sobre 100.

Atalaya Social oferta un prezo de 7.489,15 euros; Deloga, 7.456,44, isto é, 45,56 euros menos; e Senes Cit, 6.941 euros. A diferenza entre a oferta máis cara e a máis barata é de pouco máis de 500 euros nunha campaña tan importante e sensible como é a violencia de xénero.

E xa para terminar, como conclusións, escuetamente manifestar que o procedemento de contratación naceu mal. Non existe a necesidade de pedir un informe técnico, xa que atendendo á natureza do informe, a adxudicación é directa. Que a experiencia non se pode valorar vai implícito na invitación. Invitas a quen se presupón ten experiencia. Insiste en que non se debería ter recollido a experiencia como criterio a valorar e puntuar, coa constancia previa ao técnico sería suficiente.

O informe proposta non é vinculante, o informe non é necesario para resolver. O técnico propón, pero non vincula, nin resolve. O informe é eminentemente subxectivo dende o seu punto de vista, valórase o mesmo de forma diferente. Di que teñen que comprender que, por iso, nin a concelleira de Igualdade que o acompaña, nin a persoa de confianza do departamento, nin el mesmo, fixeron moito caso a ese informe, como tampouco o técnico e a coordinadora en funcións fixeron caso da súa argumentación e motivación, que se produciu.

Intervén o Sr. alcalde para pedirlle ao concelleiro que vaia rematando.

Don Jesús Bao Bouzas continúa dicindo que o técnico emite un informe-proposta, non é un informe vinculante, nin un informe de reparos. Di que eles non van contra ninguén, non van contra o técnico, pero o procedemento de contratación naceu mal. Di que teñen actuado con profesionalidade, rigor e criterio político, por suposto. Non ten habido falta de motivación, se acaso, e no seu caso, falta de experiencia. Acababan de chegar ao departamento, pero ante a subxectividade desa valoración técnica di que era a súa facultade valorar o informe, e así o fixo. E non vai escudarse nin esconderse detrás dos que estudaron as propostas, a concelleira de Igualdade e a persoa de confianza do departamento, aos que dende aquí quere poñer en valor o seu traballo.

Segue a dicir que tanto Deloga como Senes Cit propoñen reproducir os mesmos slogans que en campañas pasadas. Atalaya Social propón un cambio que posibilita non perseverar nos mesmos erros, campaña tras campaña. Atalaya Social presenta a proposta máis innovadora. Son moi innovadores, recolle o técnico no seu informe, apostan claramente pola coeducación e con diferenza é a proposta que dá maior interacción cos alumnos e veciños de Cambre, a que dá maior proxección ao departamento de Igualdade do Concello de Cambre. Conclúe, que para eles a mellor, a mellor con diferenza, por iso a elixiron, por ser a mellor oferta.

Atalaya proponlles cambiar o paso, proponlles outro tipo de campañas e os convence, claro que si. Aquí están para defender e responder das súas decisións, están aquí para facer a autocrítica que corresponda, están aquí para dicir o mesmo que lle ten dito ao técnico que realiza o informe e á coordinadora en funcións que lle dá o visto e praxe, que a oferta de Atalaya é a máis innovadora, que aposta claramente pola coeducación, a educación en valores, é a que dá maior interacción social e co alumnado de Cambre, así como a maior proxección ao departamento de Benestar Social do Concello de Cambre.

Conclúe dicindo que este é a todas luces, e xa termina, con luz e taquígrafos, un procedemento legal. Non o di el, o di o BNG, que ten promovido este esperpento, este sainete. O BNG terá que dicir por que da man do seu número 3 na candidatura leva 15 días removendo este asunto. Para o grupo municipal socialista este pleno é unha oportunidade para expoñer con contundencia e rigor os feitos que se pretenden reprobar. E para o grupo municipal socialista non cabe reprobar ao concelleiro delegado que contrata a campaña, nin, se lle permiten, ao concelleiro delegado que emite a proposta, nin por suposto ao técnico que emite o informe-proposta. Se acaso cabería reprobar o procedemento, ou talvez reprobar aos concelleiros da oposición.

Toma a palabra o Sr. alcalde para explicar que lle ten dado 15 minutos ao Sr. Bao para a súa exposición, e agora, se lles parece, haberá unha quenda de 3 minutos de palabra para cada un dos voceiros. Xa tiveron ao principio 5 minutos cada un, se lles parece empezan cunha quenda de 3 minutos.

Concedida a palabra a don Manuel Rivas Caridad dille ao Sr. Bao que despois desta estupenda fuxida cara adiante, nun proceso de contratación no que primeiro deixa aos técnicos do concello á altura do betume, os critica e critica os seus informes, e non se dá conta de que o que lle está falando foi alcalde e traballou con eses técnicos, e aquí está a antiga concelleira de Benestar Social que traballou con eses técnicos, aos cales particularmente loa. Ten que romper unha lanza por eles, porque teñen feito o seu traballo.

O Sr. Bao non ten feito o seu traballo, saltouse todos os procedementos, é máis, ten criticado ao Goberno anterior por contratar á mesma empresa, con informes loxicamente favorables, durante os anos 2013 e 2014, cando con esa empresa Benestar Social ten conseguido moitos premios, e iso o di o propio informe, e por iso este ano o Sr. Bao se foi de viaxe a Madrid.

Continúa dicindo que o problema non está na tramitación do expediente, está na adxudicación a dedo a quen el quixo. As bases dos orzamentos, e se quere lla le, na vixésimo segunda base do orzamento prorrogado do 2014 di que cando o importe da prestación ou servizo que se facture supere os 3.000 euros, a área terá que solicitar, ademais, a sinatura do técnico municipal ou persoal competente, acreditando a correcta execución. E no caso de importe de factura superior a 5.000 euros, o seu informe. Iso é o que di a base vixésimo segunda do orzamento de Cambre do 2014, prorrogado, que o Sr. Bao, loxicamente, non leu.

Pero el vai máis aló. O Sr. Bao acaba de defender a unha empresa pola súa innovación, e teñen o informe do técnico, que leva moitos anos sendo técnico, o educador social Sr. Ricardo Puertas, quen fai un informe que é demodelor, e se quere apúntalle algunhas cousas. Experiencia: observando pouca experiencia no ámbito do marketing social. Calidade da proposta: non presenta deseños para a campaña, nin para os materiais promocionais. Na proposta non delimitan un lema para a campaña, expoñen dous lemas e falan da posibilidade de utilizar outros dous. En calidade técnica: obradoiros pouco estruturados metodoloxicamente e pouco sistematizados. Falta definición de materiais e identificación dos recursos humanos. A descrición dos obradoiros e das actividades nos CEIP está moi pouco estruturada. En calidade técnica e proposta de programa de actividades de promoción e prevención, trátase dunha proposta tecnicamente moi mal estruturada, non contén limiar, non contempla apartado metodolóxico en ningunha das fases, non identifica responsables e recursos humanos, non contempla sistemas de avaliación, nin recursos materiais, e non contempla un sistema de coordinación, nin co Concello de Cambre, nin cos centros educativos. Non obstante, o programa de actividades de promoción e prevención é moi novedoso.

Na metodoloxía de traballo a empregar non recolle unha metodoloxía clara e definida nun apartado como tal, e claro, se despois van ás valoracións, resulta que terceira, terceira e terceira. Pero eles, como alguén lles di que van implantar algo moi novedoso, en contra da valoración do propio técnico deciden adxudicalo.

El remítese á vixésimo segunda das bases do orzamento municipal de Cambre. Os concelleiros socialistas, aínda que sexa un informe vinculante, adxudícanos exactamente igual. Dille ao Sr. Bao que el cre que ten que facérolle mirar, porque non soamente o asina el, senón que llo fai asinar tamén, como conformidade, ao Sr. Augusto Rey, co cal o mete nun problema.

Conclúe dicindo que esa é unha fuxida cara adiante, porque a muller do César non soamente ten que selo, senón tamén parecelo. E como lle dicía a súa nai cando se meteu en política, o primeiro que lle dixon, e lémbrao moi ben, díxolle: “neno, ti fai o que teñas que facer, pero que eu nunca teña que agachar a cabeza”.

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López manifesta que antes de nada tamén lle gustaría que non rematara este pleno, non sabe se se está adiantando, pero non lle gustaría que rematara este pleno sen escoitar a opinión do Sr. alcalde.

O Sr. alcalde intervén para dicirlle que se está adiantando.

A voceira de ACdC-SON sinala que lle adoita pasar. Tamén lle gustaría, e esta si que é unha petición directa, escoitar a opinión das dúas concelleiras que quedan hoxe do PSOE. Entende, dá por feito, que de acordo ao que se ten publicado, e que é a información que eles teñen, non todas as opinións dentro do PSOE son as mesmas, e ela pediría por respecto a eles e por respecto aos veciños, que as dúas concelleiras se pronunciaran en relación coa reprobación do Sr. Rey e do Sr. Bao, e di que o pide por favor. Pide ademais por favor que non simplemente se dediquen a votar, por respecto ao que foi o PSOE en Cambre, e aos seus votantes e electores e simpatizantes.

En canto á intervención do Sr. Bao, di que o Sr. Bao fala de escarnio, fala de campaña mediática, pero non fala nin responde a ningunha das preguntas que lle formulan. Pregúntalle por que non se motivou. O Sr. concelleiro asume que non se motivou, pero ela pregúntalle por que non se fixo. Claro, a día de hoxe, despois de todo o percorrido que levan neste último mes, que de verdade é absolutamente dantesco, ela persoalmente chega á conclusión de que o Sr. Bao está por riba do ben e do mal. O técnico fai un informe claro e conciso, e o concelleiro nin motiva, nin xustifica, e iso é así.

Levan catro anos e medio, e fala da anterior Corporación e do medio que levan desta, escoitando ao Sr. Bao, antes na oposición e ata agora no Goberno, enarborar a bandeira da transparencia, da necesaria fiscalización dos órganos de Goberno, ao PP deulle, e recoñece que ela tamén, moito a vara con este tema, pero isto é innegable.

Entende que o Sr. Bao xa está ferido de morte e quere morrer matando, pero déixalle claro que non o vai conseguir. Todo o que expuxo hai un momento non contesta a ningunha das preguntas que lle fan. A postura do Sr. Bao ante este tema, a mesma postura ante a presunta falsificación das nóminas, ante as sentenzas anteriores, é unha postura moi preocupante. El é a día de hoxe, e pode dicilo con total seguridade, o levaba pensando estes últimos días, pero o confirma coa súa actitude no pleno de hoxe, pode dicir que é un profesional da palabrería barata, da trapallada, da morrallada política e do engano aos veciños.

Todo é xustificable se un quere. Existe a posibilidade de rebuscar nas leis para poder chegar a xustificar o que un queira, que é o que acaba de facer o Sr. Bao. Dille que non cuestionan a legalidade da súa decisión, pero si cuestionan dende o principio a súa moralidade. De cara á dita moralidade tamén lle lembra que a día de hoxe aínda non presentou documentación que o exima da culpa de cuestións anteriores que acaba de mencionar.

Intervén o Sr. alcalde para dicir que se van cinguir á orde do día.

Dona M^a Olga Santos López dille que si, que desculpe, e continúa manifestando que o Sr. Bao non ten a confianza do alcalde e asegúralle que neste momento tampouco ten a deles, supón que lle chegará coa amizade do Sr. Rey.

Por certo, pregúntalle se está seguro que é o técnico o que ten que xustificar e non o político. Pregúntalle se é responsable desa frase. Porque se el é responsable desa frase, iso explicaría o tipo de político que o Sr. Bao debería de querer levar a este concello, ou polo menos á área que gobernaba. Afortunadamente, grazas a todo isto que esta ocorrendo, realmente están expulsando esa forma de facer política do concello.

A parte boa de todo isto, que saben que a ela sempre lle gusta ver a parte positiva, e que é un gran día hoxe para Cambre, porque os veciños ..., ben. E tamén con isto quere invitar ao alcalde a que reflexione sobre como se está contratando en Cambre, para que con esta situación intenten que non se volva repetir, e para explotar ese gran que agora mesmo si que está absolutamente maduro. Existen outras fórmulas, non esa, e iso é algo que deixan enriba da mesa do alcalde.

Continúa dicindo que profesionalidade é unha palabra que acaba de pronunciar o Sr. Bao e quedalle moi grande. Decía que aquí están para responder das decisións e para facer autocrítica. Dille que non, que as decisións téñense que motivar antes, non despois, senón, cada vez que un veciño, cada vez que un grupo político queira pedir explicacións sobre algo que non está motivado, pregunta se teñen que celebrar un pleno extraordinario. Di que o procedemento non é ese, é a inversa, e o Sr. Bao leva catro anos falando dese procedemento, e llo leva achacando ao PP durante catro anos.

Lamentan moitísimo a súa actitude, e pódelle dicir con total honestidade que non merece o asento que ocupa, e hoxe menos que nunca.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez manifesta que, procurando ser breve, procurando ser corto, porque a mentira ten unhas patas moi cortas, logo desta lección maxistral de Dereito impartida polo Sr. Bao, dicirlle simplemente que ten, repite, un problema que máis que político el cre que é algunha especie de demencia ou de lagoa mental selectiva que lle impide ver as cousas na súa amplitude e na súa enteiraza.

Fala o Sr. Bao da lei, ben, perfecto, non hai ningún problema, non o poñen en cuestión, pero é que o Sr. Bao goberna baixo o imperativo dunha resolución de Alcaldía de data 13 de xuño do ano 2014, relativa á tramitación dos expedientes de contratos menores de contía superior a 5.000 euros, máis IVE incluído. O 13 de xuño de 2014 foi aprobada, neste caso unha resolución ditada polo anterior alcalde que está en vigor, dende o San Antonio do ano pasado. E aí establécese que ten que haber un informe, como ben dixo na súa intervención o Sr. Rivas.

O Sr. Bao puxo en tea de xuízo total e absolutamente o labor do persoal funcionario deste concello, si que o fixo, e dille que sexa valente para facelo. Di que o Sr. Bao pon en tea de xuízo, pon en cuestión e critica o traballo realizado polos funcionarios do concello e, acto seguido, di que non está criticando aos funcionarios do concello.

Dille que el está a criticalo, e o mantén, e dillo total e absolutamente, é a antítese do que é un político honrado, e non se esconde. Polo tanto dille que sexa valente á hora de querer dicir o que realmente di.

Tamén dixo que isto é un sainete, pois de verdade lle di, el nunca se metera nin a guionista nin á produción teatral, pero como militante do Bloque llo di, oxalá todos os sainetes lles saíran igual, porque se a cada produción teatral que poñen en escena lles dimite o voceiro do PSOE e o Sr. concelleiro acaba fóra do Goberno, de verdade que deberían ir a estreo por mes.

E dillo, eles non teñen nada que ocultar, é unha cuestión, que ben, eles no Bloque non teñen outras cousas, non teñen moitos recursos, nin medios de comunicación, nin absolutamente nada, e por non ter, non teñen nin sequera nada que ocultar. E ao que fai o Sr. Bao mención, á número tres da súa candidatura, dille que non é ningún secreto, se vai á Voz de Galicia do día 10 de novembro, que é o primeiro xornal que informa deste tema, verá aí a esa persoa á cal o Sr. Bao fai mención, que é unha profesional do tema da violencia de xénero que tiña colaborado con anteriores campañas.

Di que non o ocultan, pero que non é que non llo oculten ao Sr. concelleiro, é que non llelo ocultaron ao conxunto dos veciños de Cambre, á opinión pública, por iso sae nesa fotografía, e non llelo ocultaron aos diversos grupos políticos, incluído ao Sr. alcalde, cando falaron do tema, porque non teñen nada que ocultar, absolutamente nada. Eles son transparentes, terán outros problemas, pero ese de verdade non lle arreda a ganancia de seguir por ese lado e por ese tipo de insinuacións, ben, en fin, bastante arterias e bastante propias dun PSOE que eles, ata o día de hoxe, crían en Cambre felizmente superado e extinguido.

Dicir unicamente, e en parte se mencionou aquí, que en Cambre teñen tido en moitos aspectos, en moitos programas, problemas á hora de recibir subvencións de programas europeos, de colaboracións con outras administracións, e isto leva funcionando efectivamente dende o ano 2009, e sempre sen ningunha tacha por parte do Fondo Social Europeo, dependente da Unión Europea, colaborando tamén coa Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta, todo perfectamente funcionando, ano tras ano, con base nun procedemento establecido que o Sr. Bao, de maneira deliberada, violentou.

Pregúntalle como pode falar aquí de innovación, como pode falar aquí de proposta de interacción e tal, se nin sequera tiñan un lema, se nin sequera tiñan un cartel, se el llelo deu a dedo.

Explica que lle dicía unha persoa que estivo nesta Corporación en lexislaturas anteriores que el pensaba, el quería pensar, que a fundamentación, que a argumentación na que se sustentaba a decisión adoptada polo Sr. Bao, e en última instancia polo Cid Campeador, que segue perdendo batallas despois de morto, debía estar gardada ...

Intervén don Jesús Bao Bouzas para solicitarlle ao Sr. alcalde que modere como corresponde o pleno.

O Sr. alcalde agradécelle ao Sr. Bao por lembrarllo.

Don Daniel Carballada Rodríguez di que pide desculpas.

O Sr. alcalde dille que lle agradece que pida desculpas.

Don Daniel Carballada Rodríguez dille que si, que pide desculpas, unha figura como o Cid non merece que o comparen con Augusto Rey.

O Sr. alcalde pide ao voceiro do BNG que por favor se cinga ao asunto.

Don Daniel Carballada Rodríguez manifesta que remata xa dicindo unicamente unha cuestión moi clara. Esta é simplemente a punta do iceberg, e postos a ser chulos, e a ser desafiantes, vaille dicir unha cousa, menos mal que os chimpanzon do Goberno, porque senón irían a pleno extraordinario por mes, porque o que fixeron nestes cinco meses foi deseñar unha máquina de aproveitamento para o Partido Socialista e para xentes do Partido Socialista nas concellerías, nomeadamente en Servizos Sociais, que dilles que ían acabar no caldeiro. Igual acaban por outro tema.

O Sr. alcalde solicita que vaia rematando.

Don Daniel Carballada Rodríguez conclúe dicindo que postos a mirar a longo prazo, iso que lles teñen que agradecer. Dicia Franco, e hoxe está a citalo moito, dicía que non hai mal que por ben non veña, e de verdade dilles que iso que lles teñen que agradecer aos grupos da oposición, porque con isto e con eles fóra do Goberno, están evitando que acaben en Teixeira, porque traza levábana toda.

Concedida a palabra a don Juan González Leirós, voceiro de UxC, manifesta que despois de escoitar ao Sr. Bao, e despois do cuarto de hora que o estivo escoitando, entende perfectamente, xa o entendía, pero entende perfectamente por que o alcalde o cesou.

Aquí non se trata de ningún tipo de ilegalidade, trátase de que os cartos cos que están xogando son cartos públicos, polo tanto, isto é unha empresa onde os socios maioritarios é toda a comunidade, neste caso dos veciños de Cambre, e, polo tanto, eles só son xestores desa comunidade. Calquera actuación, calquera forma de proceder, deben xustificala sempre.

Era moi fácil, era facer un recoñecemento de non o motivei naquel momento, creo que tiña motivos suficientes, creo que naquel momento non o fixen pero considere que tiña motivos suficientes, e xa está, habería un recoñecemento, porque esa é a primeira altura de calquera persoa, non di de calquera político, todos se equivocan. Facer un recoñecemento quere dicir que están dispostos a volver a recuperar o ton e volver a poñerse en condicións.

Todos se equivocan, polo tanto, cre que isto teríase acabado hai case unha hora que levan de pleno, se alguén se levanta, di que ten esa capacidade e fóra.

A segunda cuestión é que é pouco crible, e o di agora, despois de ter escoitado pacientemente ese recoñecemento, porque realmente os argumentos que se dan para a motivación resultan débiles, resultan moi débiles. Parécese máis a unha forma de proceder de “eu como podo, fágoo, e non xustifico por que o fago”, que unha forma realmente de que é unha equivocación na formulación.

Polo tanto, di que o Sr. Bao tivo varias oportunidades para recoñecer varias cousas, déuselle tempo para recoñecer unhas, para recoñecer outras, está falando de todo este contexto, e debeuno ter feito, non o fixo, e eles seguen considerando que lles falta unha explicación válida.

Conclúe dicindo que UxC, por suposto, vai votar a prol da reprobación, por esas cuestións que acaba de expoñer.

Concedida a palabra a dona M^a José García Hidalgo manifesta que cando as excusas comezan a ser de mala calidade é hora de empezar a dicir a verdade. Ela acaba de sorprenderse moitísimo cando o Sr. Bao dixó esa frase de que pode que non fixéramos moito caso a ese informe, é que iso é insultar aos técnicos, iso é gravísimo. Díxoo cunha tranquilidade absoluta, preguntalle para que pediron o informe, se para facer avións de papel, porque é que un xa non sabe como son as cousas.

Sinala que queda ben reflectido o nivel da súa xestión de político. O Sr. Bao teno explicado el só, de verdade. Ela ía preguntar que como non falaron co técnico ao ler o informe, pero ben, a frase anterior xa o di todo: pode que non fixeran moito caso a ese informe. Dille que é triste, de verdade. Poderían terse reunido con el, puideron ter pedido outro informe. Os seres humanos teñen a grandeza da dialéctica, e a dialéctica é teses, contrateses, síntese. Era tan fácil como iso, e era portarse, simplemente, honradamente, e non o fixeron, e dille ao Sr. Bao que iso é moi grave.

Concedida a palabra a don Jesús Bao Bouzas manifesta que, empezando polo final, que non o teñen feito, iso é que di á Sra. concelleira, pero claro que o fixeron, e aí poderá estar o técnico para rebatelo ou afirmalo. Prézanse

de manter unha relación cordial e fluída con todos os técnicos, e vaia por diante, dende aquí publicamente, o seu máis absoluto respecto, por suposto, polos técnicos en xeral, e por quen ten subscrito o informe en particular, dende logo que si.

O que di o Sr. Juan Leirós que non dixeron, dille que claro que o dixeron, que revise a acta para cando a teñan transcrita. É verdade que teñen recoñecido autocritica, téñeno feito e publicamente, e ratifícano. É verdade que seguramente non motivaron graficamente esa decisión, pero si que o fixeron persoalmente co técnico. O técnico coñece de viva voz cal é o seu argumentario respecto da adxudicación. O técnico e os técnicos, tanto o que fai o informe-proposta, como quen lle dá o visto e praxe, saben cal era a súa motivación, coñecían, claro que a coñecían.

Teñen apostado por unha empresa que consideraban que expoñía outra forma de facer as cousas, acertadamente ou non, o tempo e a campaña o dirán. O teñen feito dende o convencemento, e non se vai escudar, como dixo anteriormente, nos seus compañeiros, que teñen estudado os tres informes, as tres propostas, os tres traballos das tres empresas. Claro que os teñen estudado, para eles o fácil tería sido asinar o que o técnico lles poñía diante, e non o fixeron, e teñen contrastado co técnico e teñen discrepado co técnico o informe. O técnico sábeo, claro que si.

A partir de aí, as derivacións que os señores concelleiros entendan. Están aquí, como dixo, para responder ao que faga falta, e se teñen que recoñecer que se teñen equivocado respecto desa bisoñez, e deberían ter transcrito, e non o fixeron, ou igual debería telo feito o técnico. Di que el non ten feito unha información, ten feito unha exposición, non ten feito unha afirmación. Fixérono, e se teñen que responder, aquí están, non se esconden.

Toma a palabra o Sr. alcalde, e di que como a voceira de ACdC dicía que quería escoitar a opinión do alcalde, e sendo corto ademais, porque xa está case todo dito, expón que eles cren que non se trata e non falan de ilegalidades aquí, baixo ningún concepto, e ningún dos que están aquí presentes o fai. Falan de transparencia.

E para falar de transparencia dille ao Sr. Bao que hai uns informes técnicos, e non obstante adxudícase sen motivar, sen xustificar. Pregúntalle como quere que o resto da Corporación e os veciños de Cambre saiban por que o fixo, como quere, como van saber por que tomou esa decisión de darlle a esa empresa, e non ás outras, darlle a esa empresa peor valorada o contrato e non ás outras.

É imposible sabelo. A única forma de sabelo é preguntándolle ao Sr. Bao, ou como fixeron os grupos da oposición convocar ou pedir un pleno extraordinario para pedirlle explicacións. Explicacións, porque el cre que unha reprobación non é máis que un pequeno tirón de orellas, dicirlle, oia, non está facendo ben as cousas, fagaas ben.

El cre que no que levan gobernando se equivocarían, seguramente, vanse equivocar, seguramente, e el o que lle di é que se fora el, ou calquera do grupo de UxC, votaría a prol, como vai votar hoxe, exactamente o mesmo, porque vanse equivocar, e o que lle están dicindo é que se se equivocou, que o recoñeza. Iso son dous minutos, recoñecelo e non buscar outras explicacións, non buscar máis explicacións que esa.

Baixo o seu punto de vista, o Sr. Bao intentou durante a súa exposición, 15 minutos, enmarañar un pouco todo isto para, ao final, case, case, na súa percepción e na dalgún que interveu antes, botarlle a culpa aos funcionarios, cousa que agora recoñece, e aproveita para dicir que non foi así, acaba de dicir o Sr. concelleiro socialista que non foi así, pero dille que a súa interpretación ao principio, na súa exposición si que foi esa. E aproveita para dicirlle que agora acaba de aclaralo e non foi así.

Continúa dicindo que aos funcionarios non poden cuestionalos, este non é o foro para cuestionar aos funcionarios, hai outros foros para facelo, e non poden poñer nun pleno en entredito a profesionalidade dos funcionarios do Concello de Cambre.

En canto á fórmula de contratación, dille á voceira de ACdC que claro que vai cambiar, xa o dixo publicamente, vai ser unha forma de contratación que vai ir á xunta de goberno local, onde a secretaria levanta acta de todo o que se di e todo o que se leva alí, por suposto que vai cambiar a partir de agora, tan pronto como recompoñan un pouco todo isto. É o que dixo na prensa e é polo que están apostando neste Goberno, por esa transparencia e esa información e participación que cre que durante a campaña dixeron case todos, pero que eles están poñendo en práctica, ou así o entenden. Polo tanto, o grupo de UxC, e el, como alcalde tamén, van votar a prol desa reprobación.

Para concluír, informa ao Sr. Bao que nestes casos de reprobación o concelleiro pode ausentarse do salón de sesións, segundo o artigo 114 do Regulamento orgánico municipal, onde se di que: "Nos supostos nos que, de conformidade co establecido no artigo 76 da Lei 7/1985, algún membro da Corporación se deba abster de participar na deliberación e votación, deberá abandonar o salón mentres se discuta e vote o asunto, agás que se trate de debater a súa actuación como corporativo, en que terá dereito a permanecer e defenderse." Polo tanto, o Sr. Bao terá que absterse nesta votación e, así van pasar á votación.

Concedida a palabra a don Jesús Bao Bouzas manifesta que non soamente el persoalmente, senón que os que teñen o honor de formar parte do grupo municipal socialista, van ausentarse desta votación. Dilles que reprobem o que queiran reprobam, que voten o que queiran votar, pero que eles vanse.

O Sr. alcalde pide orde aos presentes e engade que teñen dereito a abandonar o pleno e, se queren facelo, dilles que o fagan.

Cando son as vinte e unha horas e quince minutos abandonan o salón de sesións don Jesús Bao Bouzas, dona Leonor Fernández Grande e dona M^a Jesús Gómez González, concelleiros do PSdeG-PSOE.

A continuación, o Sr. alcalde informa que van pasar á votación.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol da reprobación os seis concelleiros do PP, os catro concelleiros presentes de UxC, os dous concelleiros de ACdC-SON, os dous concelleiros do BNG e a concelleira do GM (C's).

A Corporación, por unanimidade dos quince concelleiros presentes nestes momentos na sesión, aprobou reprobam aos concelleiros don Augusto Rey Moreno e don Jesús Bao Bouzas en relación co expediente de contrato menor núm. 2015/C002/000015.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as vinte e unha horas e dezaseis minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente
Óscar A. García Patiño

A secretaria xeral
M^a Luisa de la Red Ampudia